

Amortización das obrigas: as obrigas serán amortizadas na súa totalidade a par (100% do importe nominal de cada obriga), na data de vencemento.

Tipo de xuro: para o primeiro período de xuro (é dicir desde a data de emisión e desembolso, incluída, ata o 15 de abril de 2012, excluído), as obrigacións devengarán un tipo de xuro fixo do 5,914 %.

Para os seguintes períodos de xuro (é dicir, desde o 15 de abril de 2012, incluído ata o 15 de abril de 2016, excluído) o tipo de xuro fixarase anualmente e resultará de engadir oa tipo base ou índice (conforme este termo se define a continuación) a marxe do 1,55%.

Os xuros calcularanse sobre a base cálculo Act/Act (ICMA), sen axuste ningún de cada período de devengo de cupóns como resultado da convención de día hábil seguinte non axustado.

Tipo base ou índice: será a rendibilidade xenérica dos bonos do Estado Español que o mercado considere como referencia (*benchmark*) para un prazo de 5 anos, tal e como esta se publica en *Bloomberg* baixo a mención <GSPG5YR Index>, (en diante, o índice). A observación do índice terá lugar o segundo día hábil anterior ao inicio de cada período de devengo de cupóns tomando o nivel de peche do mercado correspondente ás 6.00 p.m. de Madrid do terceiro día hábil anterior ao inicio de cada período de devengo de cupóns, agás o índice para o primeiro período de devengo de cupóns, que se fixou o día 6 de abril de 2011.

No caso de que o índice non fose publicado en *Bloomberg* por calquera causa, o axente de cálculo, *Citibank N.A.*, determinará o índice, á súa enteira discreción, da seguinte maneira:

a) Por referencia aos datos proporcionados por *Corretaje e Información Monetaria y de Divisas, S.A.* na súa páxina web http://www.cimd.es/eng/cotizaciones/dp_espan.asp o segundo día hábil anterior ao inicio do correspondente período de devengo de cupóns; ou

b) Se non fose posible determinar o índice de acordo coa letra a) anterior, utilizando calquera método considerado polo axente de cálculo como habitual no mercado financeiro para determinar a rendibilidade dos bonos do Estado español a un prazo de 5 anos o segundo día hábil anterior ao inicio do correspondente período de devengo de cupóns.

Pagamento de xuros e amortización: o pagamento dos xuros e a amortización das obrigacións serán realizados polo Banco de España, consonte o establecido no convenio marco, con data do 7 de novembro de 2005, sobre prestación do servizo de tesouraría e do servizo financeiro da débeda pública.

Lei aplicable: as obrigacións e todas as cuestións que deriven ou garden relación coas obrigas rexeranse e interpretaranse de conformidade coas leis españolas.

Xurisdición: os tribunais da cidade de Madrid teñen xurisdición exclusiva para resolver calquera disputa que xurda ou estea relacionada coas obrigas.

Disposición derradeira

Esta orde terá efectos desde o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2011.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 7 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a relación de beneficiarios de reintegros individuais de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario durante o ano 2010.

Por Orde do 8 de xaneiro de 2010 (DOG do 11 de febreiro), regúlase o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario durante o ano 2010.

O punto noveno establece que unha vez concedida a totalidade de reintegros, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación dos profesores beneficiarios deles.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Único.-Dar publicidade á relación de beneficiarios que figuran no anexo.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2011.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

ANEXO

Beneficiarios/as	DNI
Abalde Martínez, M. Cristina	36084570P
Abalo Quintela, José Enrique	35434006E
Abelleira Bardanca, María de los Ángeles	33269490J
Acuña Abalde, Uxía	77001591Y
Acuña González, M. Begoña	36032454X
Alonso Suárez, María José	36115016W
Álvarez Fernández, Patricia	32666313B

Beneficiarios/as	DNI
Álvarez Losada, Ramón	34726236P
Amoedo Barciela, Elisa Isabel	36040761Z
Anaya García, Elvira	33222374R
Arca Camba, María Jesús	35441196J
Ares Sánchez, María Luz	33225957L
Barata Quintas, Daniel	34530817C
Barreiro Iglesias, Juan José	34597063A
Barrero Amor, Ana Cristina	32834290L
Bernárdez Vicente, M. Fernanda	76906161A
Blanco Álvarez, José María	34545277J
Blanco Miguélez, Eva	32841686D
Blanco Silva, Isabel	76817385F
Bogo Varela, Daniel	76415418B
Borrazás Barreiro, Rosa María	32433842R
Bouzo Limia, J. Manuel	34925343G
Brandariz Prego, Montserrat	32747318X
Burque Torreira, María Elena	76468884W
Carneiro Varela, Mónica	53302284Z
Chao Fernández, Rocío	33304480C
Cid Galante, Roberto	34932891P
Cilleros Cembellín, Gema	02238383T
Conde Fernández, Irene	47353353X
Coria Blanco, Marta	33340783Y
Del Valle Couto, José Manuel	44085821L
Díaz Teijo, José Tomás	79310502Q
Domínguez Castro, Jesús	32785358P
Domínguez Presa, Felipe	36146112W
Enríquez Barcia, Laura	33535376L
Fentanes Rodríguez, Xerardo	76796063Y
Fernández Bello, Víctor	34922075W
Fernández Fernández, Gonzalo	34553245T
Fernández Fernández, María Eugenia	33319709T
Fernández Guerra, Ricardo	76860892K
Fernández Jul, Marta	33338105L
Fernández Pérez, José Luis	36094912T
Formoso Fernández, Eva	78797895X
Fraga Boullosa, José Antonio	35205040K
Fuentes Arce, Jorge Manuel	48384325F
García García, José Luis	33306231T
García Leiras, Erundina	33852124B
García Mato, José Antonio	32678687B
García Santos, Juan	52452757S
Garrido Vilariño, Xoán Manuel	76357407Y
Gens Autrán, Patricia	32748966W
Gómez Cobo, Alejandra	32657604L
Gómez Fraga, Lidia	36130028H
Gómez González, Olga	34235025P
González García, Celsa	33768027W
González Meijome, Isabel	35314418B
González Moreiras, Jesús Pablo	33783681Q
González Pérez, María Rita	34946740B
González Piñeiro, Cristina	36070998Y
González Reiriz, Ana	52939861W
Graño Prego, Josefa	52459190P
Iglesias Álvarez, M. Luisa	35998005S
Iglesias Pereira, Patricia	76368187E

Beneficiarios/as	DNI
Iglesias Saco, Cristina	32801134Y
Latorre Díaz, Manuel Antonio	33816058D
Leboráns Budiño, Alicia María	33297498F
Leira Criado, María Rosa	32624318Z
Lema Fernández, María	46913187H
López Amoza, María Teresa	32436897C
López López, José Manuel	36064460T
López Louzao, Manuel	33827442P
López Portas, Mónica	77405912X
López Rodríguez, Antonia M.	34720037L
López Viso, Marta	34875186X
López-Suevos Hernández, Beatriz	34890700E
Lorenzo Crespo, María Luz	76809361X
Lorenzo Martínez, Rosario	35306618P
Maneiro Paz, María del Pilar	52932264H
Martín-Esperanza Pérez, M. Carmen	33265632L
Martínez Álvarez, Cristina	52930741J
Martínez Costas, José Luis	36045290N
Martínez Quintas, María Esther	34534597M
Martínez Rico, María de la Luz	32806246N
Masaguer Rodríguez, Manuel A.	33223290C
Mayor Rodríguez, Juan A.	32440119E
Mejuto Blanco, M. Carmen	46913901L
Méndez Zunzunegui, Javier	35564020V
Míguez Mato, Fco. Javier	76872450X
Míguez Rodríguez, Luis José	34902822T
Mileti Rodríguez, María Ángela	77407287M
Montenegro Fernández, Laura	35464570L
Mosquera Novoa, José Manuel	32792745N
Muñíos Fraga, María Sonia	32681194B
Noya Sanmartín, María José	33294342W
Núñez Segade, José Daniel	33796683T
Orosa Paz, Francisco Javier	33312307G
Osorio Iglesias, Olga	33320155D
Paz Gago, María	33237204L
Penide Mareque, María del Carmen	33301255S
Pereira Añón, Alejandra	36110699D
Pérez Fernández, Elvira	36058646M
Pérez Fernández, José Casimiro	33835954X
Pérez Morán, Federico	33823017E
Piay Guiance, Ángeles	32430687C
Piñeiro Domínguez, Antonio	34573124F
Pulzoni Cupeiro, Daniel	32690499R
Quintián Agrafojo, Vanessa	79330369B
Ramos Sobrido, Rosa María	52939748G
Reboredo Lavín, Manuel	34588648Y
Recondo Burgo, Montserrat	36041579G
Rivas Vieites, Blanca María	32757145Q
Rodeiro Barros, Mercedes	32619538H
Rodríguez Cao, Luis	33831327Y
Rodríguez Díaz, María	32407866S
Rodríguez Machado, Eduardo Rafael	32825008Y
Rodríguez Rodríguez, Carlos	33265309H
Romero Vázquez, José A.	34257673R
Roo Mayo, Elena Vanesa	79326857H
Rouco Ferreiro, Javier Francisco	32764844X

Beneficiarios/as	DNI
Salgado Montero, Consuelo	76487042J
San Isidro Agrelo, Francisco Xabier	33286872F
Santos Lorenzo, M. Socorro	33254800C
Sobrino Busto, Vanesa	35469176W
Souto Farto, María del Pilar	33288480M
Souto Guinarte, M. Susana	32401213D
Souto Vecino, Alicia	32794284X
Tizón Estévez, María Carmen	36011426G
Torres Jack, Ana	32800471X
Ulloa Reinoso, María Felisa	33268809E
Valenzuela Fernández, Berta	44844510F
Varela López, José	36028370C
Vázquez Camino, María Dolores	33243614N
Vázquez Vázquez, Ana María	11917801Y
Viqueira Cobas, Susana	33265674S
Yáñez Calviño, Cristina	44808182L
Zas Rey, Mercedes Eugenia	32440723M

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 31 de marzo de 2011 pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2011.

O marco xeral de subvencións destinadas ás centrais sindicais que no campo laboral convoca anualmente esta Administración autonómica está regulado no Decreto 106/1994, do 21 de abril, que no seu artigo 4º establece as seguintes: as destinadas ás centrais sindicais con representación na comunidade autónoma, para o desenvolvemento das súas actividades. Desde o ano 1991 véñense apoiando mediante subvencións a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social, co fin de cooperar de forma efectiva co fomento, creación e funcionamento das diversas modalidades de economía social, en virtude do acordado na Mesa de Concertación Social; e desde o ano 1993, como consecuencia dos acordos Xunta de Galicia -sindicatos aprobados pola mesa xeral o 23 de outubro de 1992, estableceuse unha liña de axuda destinada aos sindicatos máis representativos coa finalidade de subvencionarlles plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais e gabinetes sindicais de formación.

Conforme o anterior anúncianse nesta orde os seguintes tipos de axudas:

Programa I. Axuda para o desenvolvemento das actividades das centrais sindicais durante o ano 2011.

Programa II. Axuda ás centrais sindicais para a creación ou mantemento de gabinetes de asesoramento en materia de economía social.

Programa III. Axuda para gabinetes técnicos de formación e para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

O importe global das referidas axudas destinadas aos tres programas mencionados ascende a un total dun millón novecentos trece mil cincocentos euros (1.913.500 €) que figura na Lei 14/2010, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.

Concluído o proceso de eleccións sindicais previsto na disposición transitoria oitava do actual texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e en virtude do novo sistema de medición da representatividade das organizacións sindicais, para os efectos das axudas previstas nesta orde terase en conta a representatividade sindical en 31-12-2010, referida exclusivamente ao ámbito territorial de Galicia.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta lei, establecen o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade, concorrencia, transparencia, igualdade e non-discriminación.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e de conformidade coas atribucións que teño conferidas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para os fins para os cales foron establecidos,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria das axudas previstas no artigo 4º do Decreto 106/1994, do 21 de abril, polo que se establece o réxime xeral das axudas e subvencións en materia de ámbito laboral e mellora das condicións de traballo que concederá a Consellería de Traballo e Benestar ás centrais sindicais con representación na Comunidade Autónoma de Galicia, para o desenvolvemento das súas actividades durante o ano 2011, para a creación ou mantemento de gabinetes de economía social e para gabinetes técnicos de formación, e para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

Para os efectos desta orde terase en conta a representatividade sindical en 31-12-2010, referida exclusivamente ao ámbito territorial de Galicia.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como no Decre-